



PROPOSTAS DE ADEGA AO NOVO GOBERNO GALEGO

UN COMPROMISO INAPRAZÁBEL COA TERRA, SEN VOLTAS ATRÁS

A actual crise económica ten unha forte compoñente ambiental. Ao cambio climático global hai que engadir a sobreexplotación dos recursos naturais por riba da súa taxa de reposición, que colocaron a moitos ecosistemas naturais ao borde do colapso. As organizacións ecoloxistas levamos anos advertindo das consecuencias das políticas irracionais e insustentábeis, baseadas no crecemento económico sen fin. Desgrazadamente, xa non hai tempo para lairse: cómpre actuar xa.

Calquera opción política debería ter en conta este panorama e artellar propostas locais para mitigar os efectos perniciosos do cambio climático, frear a deterioración dos recursos naturais e diminuír a pegada ecolóxica para non superar a capacidade de carga e de rexeneración dos ecosistemas. As forzas con responsabilidades de goberno teñen a obriga e a responsabilidade de asumir estes desafíos: precisamos dunha mudanza substancial das políticas públicas para incorporar criterios e indicadores de sustentabilidade, con compromisos reais cuantificábeis e temporalizados. Cómpre tamén integrar transversalmente un novo enfoque sustentábel en todos os eidos de actuación das administracións para evitar que, outra volta, sexa a natureza a que acabe pagando as consecuencias da crise.

Con vistas a esta nova lexislatura, ADEGA demanda que se consoliden algúns avances ambientais encetados durante a etapa anterior, se subsanen as eivas e se avance máis decididamente no camiño da sustentabilidade. O que nunca poderemos apoiar nen sería facilmente entendíbel pola sociedade galega é unha volta atrás, unha involución ambiental que bote por terra algunhas conquistas históricas do movemento ecoloxista galego: Lei de Defensa dos Ríos e paralización das minicentrais; Lei de Residuos e Plano de RSUs orientado á reciclaxe; Lei de Medidas Urxentes e moratoria urbanística no litoral; Lei da Paisaxe; blindaxe da Rede Natura no decreto eólico; novos espazos protexidos e proposta de ampliación da Rede Natura; participación social nos organismos consultivos ambientais, entre outras.

Agardamos tamén que o novo goberno non repita erros que anteriormente cometeu. O medio ambiente non pode ser nunca máis obxecto de depredación e moeda de troco para a especulación salvaxe. As desfeitas teñen nome e lugar no mapa: Prestige, SOGAMA, Plano Hidroeléctrico, Plano Acuícola, Plano Eólico, Xistral, Courel, Rinlo, Cabo Vilán, Umia, Ulla, Ézaro... pero tamén na conciencia colectiva dunha cidadanía que malia a mudar o goberno, conserva fresca a memoria.

Enerxía

DESINCENTIVAR O CONSUMO: AFORRO, EFICIENCIA, SUFICIENCIA E RENOVÁBEIS COMO ALTERNATIVA

O sector enerxético é o responsábel da maior parte das emisións de gases de efecto invernadoiro (GEIs) en Galiza, causantes do cambio climático. O obxectivo central da política enerxética debería non o incremento da produción senón a redución do consumo de enerxía, desvencellando o aumento da demanda do crecemento económico. Estimular o aforro, mellorar a eficiencia e procurar a suficiencia enerxética de Galiza deberían ser os eixos do novo Plano Enerxético, xunto co fomento das renovábeis e a substitución progresiva das non renovábeis. O desenvolvemento das enerxías renovábeis debería levarse a cabo tamén a nivel doméstico e non só industrial, fomentando o autoabastecemento, o aforro e a eficiencia xa



dende o fogar. Parques eólicos, instalacións de biomasa, fotovoltaicas etc. deberían garantir a mínima afección ambiental, os máximos beneficios sociais e a aproximación á alternatividade efectiva (obxectivo: KW limpo por KW suxo).

Propostas

- Reformar a Estratexia Galega de Cambio Climático tomando como referencia a proposta 20-20: reducir no 2020 ao 20% a emisión de GEIs no país con respecto a 1990, cuantificando e orzamentando os obxectivos anualmente.
- Plano de Aforro e Eficiencia Enerxética, comezando polas instalacións dependentes das administracións públicas, fogares e industrias, e que exclúa a subvención directa. O obxectivo sería acadar unha redución do 1% anual até o 2020.
- Novo Plano Sectorial Eólico que amplíe as zonas de exclusión a todos os espazos protexidos e a aqueles de alto valor natural, paisaxístico, patrimonial ou territorial, establecendo unha franxa de 5 km de protección en todo o litoral.
- Plano de Fomento da Enerxía Solar (térmica e fotovoltaica), comezando polas instalacións da administración, e cun maior esforzo orzamentario a nivel doméstico e da pequena empresa.
- Excluir os cultivos enerxéticos dos planos de aproveitamento da Biomasa.
- Intervención da Xunta na política tarifaria, establecendo entre outras medidas un imposto ecolóxico ás instalacións que consuman combustíbeis fóséis, así como un gravame á importación de carbón.
- Traslado de REGANOSA fóra da ría de Ferrol.

Transporte

O TREN: CERNA DUNHA MOBILIDADE SUSTENTÁBEL

As necesidades de transporte baseadas na comunicación por estrada teñen cada vez maiores custos ambientais, alén de contribuir moi significativamente ao cambio climático (preto do 40% da emisión de GEIs veñen do transporte). A esta deterioración ambiental hai que engadir os altos custos sanitarios da contaminación e os accidentes, a fragmentación territorial e a perda de valiosos hábitats naturais. Neste cenario insustentábel, resulta prioritario desincentivar a demanda de transporte por estrada promovendo a intermodalidade e o uso masivo dos transportes menos impactantes, quer o tren de proximidade, así como integrar transversalmente a planificación territorial e urbanística.

Propostas

- Plano Galego de Transporte e Infraestruturas, que teña como obxectivos centrais a redución da demanda de transporte, o fomento da intermodalidade e a transferencia de pasaxeiros e mercadorías cara os modos máis eficientes e menos contaminantes.
- Criazón dun Ente Ferroviario Galego.
- Integración, electrificación e dupla vía en toda a rede ferroviaria principal.
- Novas conexións Compostela-Lugo e Lugo-A Mariña para completar o corredor cantábrico que nos conecte con Lisboa e o resto de Europa.
- Mantemento das estacións e novos servizos de proximidade en todas as grandes áreas metropolitanas e conexión ferroviaria cos principais portos.
- Contemplar a intermodalidade nos PXOMs e medidas para a accesibilidade universal ao transporte público.
- Obrigatoriedade de incluír carrís-bici e vías peonís na planificación urbanística e territorial.
- Moratoria na construción de autoestradas e vías de alta capacidade: reforma do Plano Director de Estradas e retirada do Plano “Vigo Integra”.

Urbanismo

ORDENAR RACIONALMENTE O TERRITORIO, CHAVE PARA A SUSTENTABILIDADE



Perda e fragmentación de hábitats naturais, impacto paisaxístico, descenso da produtividade biolóxica, caos urbanístico, maior demanda de transporte, tráfico conxestionado, contaminación e impactos na saúde, desequilibrios territoriais, despoboamento... Todos estes impactos son nalgunha medida consecuencia dun ordenamento territorial insustentábel.

O “boom” urbanístico e a especulación dos últimos anos provocou paradoxalmente máis dificultades para acceder a unha vivenda digna, apesar das miles de vivendas baleiras. Ducias de urbanizacións nas periferias urbanas estenderon o modelo de cidade difusa, agravando o caos circulatorio, a contaminación, o desbaldimento enerxético, a fragmentación do territorio e a deterioración ambiental.

Estas políticas irracionais están detrás da actual crise, do endebedamento das familias e da perda de recursos de moitos concellos que apostaron polo ladrillo como principal fonte de ingresos e urbanizaron a oito.

Propostas

-Dotar de contido e medidas ás Directrices de Ordenamento do Territorio (DOT) para que sexan a referencia vinculante de todos os Planos Sectoriais (Eólico, Hidroeléctrico, de Transportes, do Litoral, de Vivenda, etc.)

-Paralizar e revisar os Planos Sectoriais en vigor ou en tramitación para adatalos ás DOT.

-Modificar a Lei de Ordenación do Territorio e a Lei de Ordenación Urbanística de Galiza, para entre outras medidas, limitar as novas urbanizacións, consolidar a franxa de protección do litoral e das chairas de inundación dos ríos, restrinxir a figura do “axente urbanizador” e limitar usos autorizábeis en solos de especial protección.

-Penalizar fiscalmente ás vivendas baleiras e segundas residencias e incentivar a rehabilitación fronte á obra nova, con especial atención aos núcleos históricos e á recuperación das fachadas marítimas.

-Potenciar as normas do hábitat e a construción ecoeficiente.

Residuos

REDUCCIÓN, COMPOSTAXE E COMARCALIZACIÓN

O fracaso do modelo SOGAMA baseado na incineración, na centralización e na privatización encoberta do tratamento do lixo, é causa de gravísimos problemas ambientais e socioeconómicos que arrastraremos aínda moitos anos. No entanto, a fin última de SOGAMA non era tratar os residuos producidos, senón lucrarse coa súa xeración, polo que as políticas de prevención e redución foron sistemáticamente esquecidas.

A Xunta debería aprender dos erros cometidos e comezar por centrar os seus esforzos na drástica redución da xeración de lixo, desvencellándoa do crecemento económico. E respecto ao tratamento, os obxectivos do novo Plano de Xestión de Residuos Urbanos deberían ser acadar a incineración “cero”, a comarcalización efectiva e a compostaxe aerobia de toda a materia orgánica, todo baixo a filosofía dos “3R”.

A produción e uso dun compost de calidade elaborado a partir de RSUs, lamas de depuradora e outros restos vexetais, contribúe á sustentabilidade das prácticas agrícolas, á recuperación de terreos e solos degradados e a loitar contra o cambio climático fixando importantes cantidades de carbono que actualmente son emitidos á atmosfera, quer mediante a incineración de SOGAMA.

Propostas

-Plano de Xestión de Residuos Urbanos con programas específicos, obxectivos cuantificados, temporalizados e orzamentados para conquistar unha redución na xeración de lixo de como mínimo, o 1% anual.

-Establecer como obxectivo a incineración “cero” e eliminar os incentivos á incineración.

-Valorización material mediante compostaxe de toda a fracción orgánica, integrando o



aproveitamento dos refugallos urbanos, agrícolas e forestais.

- Comercialización efectiva das plantas de tratamento, promovendo como principal sistema a compostaxe aerobia fronte á biometanización.
- Plano galego de autocompostaxe.
- Fomento das industrias de reutilización e reciclaxe e dos circuitos de segunda man.
- Programa de rexeneración de solos degradados (entulleiras, canteiras, terreos queimados) para aplicación do compost.
- Novo Plano de Residuos Perigosos, industriais e non industriais, que fixe obxectivos de redución e impida o vertido ou a incineración, así como o traslado destes materiais para o depósito ou tratamento dende fóra de Galiza.
- Base de datos pública con información actualizada sobre a xeración e o tratamento de residuos.

Litoral

CONSERVAR A COSTA, GARANTÍA DE FUTURO

O litoral galego abrangue uns 1195 quilómetros de lonxitude, máis do 30% de toda a costa da península Ibérica. Conta cos meirandes cantís da Península, rasas mariñas, numerosas illas e illotes e unha variada morfoloxía costeira, na que sobrancean as rías. Á variedade xeomorfolóxica, paisaxística e biolóxica únese unha riqueza de formas culturais e mesmo modos de produción que son parte da nosa identidade como pobo e do noso futuro colectivo. Porén, esta variedade e singularidade non ten sido convenientemente preservada polas administracións públicas nen respectada dende o ámeto privado. O desenvolvemento urbanístico e industrial descontrolado (construcións, campos de golf, verteduras, piscifactorías), unhas ineficaces políticas de ordenación do territorio (portos, paseos, recheos) e un concepto errado do progreso moi alonxado da sustentabilidade, provocaron a destrución de partes importantes do noso litoral, proceso que se vai acelerar no actual contexto de cambio climático global.

Propostas

- Lei do Litoral de Galiza que garanta a protección e conservación da costa fronte aos efectos do cambio climático (suba do nivel do mar, alteracións da biodiversidade, descenso da produtividade biolóxica...).
- Ampliación da moratoria urbanística dos 500 m mentres non entre en vigor o Plano de Ordenación do Litoral.
- Plano de Ordenación do Litoral elaborado con criterios de sustentabilidade que permita unha xestión integrada deste espazo e delimite os usos compatíbeis coa conservación da costa.
- Derogación do Plano Acuícola e aposta decidida pola recuperación da pesca artesanal, o marisqueo e a acuicultura a flote, así como pola multifuncionalidade do sector pesqueiro (turismo, patrimonio, educación, etc.)
- Revisión da Lei de Defensa das Rías para incorporar novos espazos, prohibir actividades potencialmente contaminantes, ampliar os parámetros de calidade das augas e garantir o saneamento integral das rías.
- Ampliar a rede de Áreas Mariñas Protexidas e promover a declaración de Reservas da Biosfera para as rías galegas.
- Desmantelamento de ENCE-ELNOSA e dos depósitos do Ferrazo antes do remate da lexislatura.
- Máis dotación de medios para a loita contra a contaminación mariña, con bases loxísticas e dotacións nas zonas máis sensíbeis e de maior risco.

Augas e ríos

DIRECTIVA MARCO E LEI DE DEFENSA DOS RÍOS

Malia a abundante lexislación para a protección e correcta xestión das augas continentais, o



estado de saúde das nosas masas de auga continúa a empeorar. Galiza leva un importante retraso na aplicación da Directiva Marco da Auga e a Lei de Defensa dos Ríos Galegos, aprobada por unanimidade en 2006, tivo pouca ou nula repercusión.

Augas de Galiza seguiu xestionando os ríos en clave produtivista e recadatoria, limitándose a pomover obras públicas e pouco máis. Malia á moratoria, colean aínda vellos proxectos de minicentraís e o estado segue a aprobar centrais hidroeléctricas no territorio da súa competencia e sobre espazos naturais protexidos. A necesaria reforma dos Planos Sectoriais Hidráulico e Hidroeléctrico non se concretou, mentres recentes desastres como o do Xallas ou o Eume seguen impunes. Os vertidos e a alteración física do medio polas obras e construcións continúan mentres o consumo urbano e industrial de auga non deixa de medrar. Hai que promover o aforro e mellorar a eficiencia no uso da auga, priorizar a prevención da contaminación sobre os tratamentos final de tubaría, promover a recuperación de ríos e humidais e apostar por modelos descentralizados de saneamento con tecnoloxías brandas.

Propostas

-Novo Plano Sectorial Hidroeléctrico que desbote máis aproveitamentos e contemple a caducidade dos proxectos outorgados que aínda non están en explotación e a demolición dalgunhas infraestruturas obsoletas ou de alto impacto.

-Novo Plano Hidrolóxico adaptado á Directiva Marco da Auga que contemple a xestión integral da bacía e a restauración hidrolóxico-forestal dos ecosistemas fluviais.

-Plano de Saneamento Integral orzamentado e temporalizado para garantir a aplicación da Directiva de depuración de augas residuais e o tratamento de todas as verteduras urbanas e industriais no decurso da lexislatura.

-Reclamar as competencias hidrográficas para a totalidade do territorio galego bloqueando aqueles proxectos de aproveitamento hidroeléctrico promovidos no territorio competencia do estado.

-Aposta polo aforro e a eficiencia no consumo de auga, bonificando a reutilización e penalizando o desbaldimento, con tarifas progresivas en función do consumo.

-Promover sistemas de depuración descentralizados baseados en tecnoloxías brandas e procesos naturais.

Medio rural

UN MEDIO RURAL VIVO E SUSTENTÁBEL

O despoboamento do medio rural, o abandono dos usos tradicionais e as políticas baseadas no produtivismo e a intensivización, trocaram amplas zonas de Galiza en monocultivos rachando co equilibrio ecolóxico secular de moitos ecosistemas. Cómpre recuperar a harmonía entre o aproveitamento dos recursos e a conservación do importante patrimonio natural e cultural que atesoran as áreas rurais galegas.

Galiza é o territorio do estado con maior superficie forestal. No entanto, só unha pequena parte das masas arboradas son bosques naturais, predominando as prantacións. O monocultivo intensivo de especies pirófitas promovido polas pasteiras que controlan o mercado, non só non contribuíu a millorar as rendas, senón que influiu no problema dos lumes forestais.

Xunto á función económica e social, cómpre non esquecer o papel dos montes no mantemento da biodiversidade, na regulación do ciclo hídrico e na fixación do carbono, cuestión fundamental na loita contra o cambio climático. Sen descoidar a extinción, cómpre facer un maior esforzo en prevención e medidas estruturais, promovendo a multifuncionalidade nos usos, a xestión forestal sustentábel e a restauración hidrolóxico forestal das áreas degradadas.

A explotación intensiva de materiais xeolóxicos a ceo aberto conlevou a creación de áreas ermas con inmensos furados, entulleiras, vertidos, impactos visuais, ruídos, etc. Destruíronse zonas de grande valor ambiental e patrimonial, perdéronse valiosos recursos non renovábeis e estragáronse oportunidades para o desenvolvemento sustentábel, sen que se asumiran



responsabilidades na restauración dos danos.

Os modelos baseados no produtivismo, a intensivización e o uso de agroquímicos e transxénicos provocan a perda de fertilidade e produtividade dos solos, así como do rico patrimonio xenético vexetal e animal. Polo contrario, a produción baseada na terra, nos produtos e razas autóctonas e na calidade fronte á cantidade, permiten compatibilizar o aproveitamento agrogandeiro coa conservación de moitos hábitats modelados dende hai séculos pola interacción humana. A agricultura e a gandaría ecolóxica son a resposta de hoxe á dicotomía entre produción e conservación. Un modelo no que primen as explotacións sustentábeis contribúe á nosa soberanía alimentar fronte á ditadura das transnacionais e permite o control da produción pola poboación rural, frea o envellecemento e contribúe a manter a función ecolóxica do agro.

Propostas

- Novo Plano Forestal centrado na conservación e recuperación dos hábitats forestais naturais, a multifuncionalidade de usos, a promoción das especies autóctonas e o abandono do eucalipto.
- Promoción da certificación FSC tanto nos montes de xestión pública como nos conveniados.
- Potenciamento das UXFOR e da participación social nos Planos de Ordenación Forestal.
- O aproveitamento da biomasa forestal residual debe contemplar contemple como uso prioritario a compostaxe e o autoabastecemento fronte á obtención especulativa de enerxía.
- Prohibición dos cultivos enerxéticos nos montes e terras agrícolas.
- Moratoria das explotacións a ceo aberto mentres non se aproba o Plano Galego da Minaría e obrigatoriedade de restaurar as canteiras, entulleiras e desmontes actuais para poder acceder a novos dereitos de explotación.
- Impulso á produción ecolóxica priorizándoa fronte aos modos industriais especialmente nas terras de tutela pública, na concesión de axudas e nos subministros da administración.
- Declaración de Galiza como territorio libre de cultivos transxénicos artellando medidas legais e administrativas para facela efectiva.
- Reforma da Lei de Concentración Parcelaria para contemplar tamén como obxectivos a prevención do impacto ambiental e a conservación dos hábitats naturais. Paralización dos procesos que afecten a espazos naturais protexidos e posíbeis zonas de ampliación.
- Plano de mellora e eficiencia das explotacións agrarias, con especial fincapé na xestión e aproveitamento dos refugallos orgánicos. Fomento das primas por medidas agroambientais.

Conservación da natureza

A REDE NATURA QUE GALIZA MERECE

O número de especies en perigo e de hábitats ameazados continúa a medrar apesar da crecente sensibilidade social e da cada vez máis ampla lexislación proteccionista. A conservación da diversidade natural fica sempre á cola das prioridades reais e dos compromisos orzamentarios das administracións, que interpretan a lexislación ambiental con escandalosa flexibilidade coma se foran leis de segunda clase.

Galiza conta coa menor superficie de territorio protexida dentro da Rede Natura 2000 (o 12%) de todas as autonomías, xunto con Melilla, moi por baixo da media estatal (25%). A necesaria e urxente ampliación da Rede Natura non acaba de chegar, e o retraso na redacción e aplicación dos PORN (Planos de Ordenamento dos Recursos Naturais) e PRUX (Planos Reitores de Uso e Xestión) é escandaloso., desaproveitando as potencialidades destas áreas como motor de iniciativas respectuosas e sustentábeis.

Mentres, unha variada planificación sectorial (acuícola, enerxética, de infraestruturas, urbanística...) vai limitando as posibilidades de desenvolvemento sustentábel e a viabilidade de moitas áreas protexidas, convertidas pouco menos que en reservas pechadas



desvencelladas do seu entorno natural e social, e orientadas prioritariamente ao o turismo masivo.

Propostas

-Ampliación urxente da Rede Natura 2000 e da Rede Galega de Espazos Protexidos até situar a Galiza perto da media estatal en superficie baixo as figuras de protección europea (LICs e ZEPAs).

-Aprobación nesta lexislatura dos instrumentos de xestión (PORN, PRUX, Planos de Conservación, Planos de Recuperación) para todos os espazos e especies protexidas. Deben levar aparellados medidas compensatorias e de dinamización socioeconómica das poboacións integradas no espazo protexido.

-Nova Lei Galega de Impacto Ambiental que garanta un maior control, rigorosidade, transparencia e participación pública no proceso de consulta, e na avaliación e seguemento dos impactos de planos e proxectos. As declaracións de impacto negativas serán sempre vinculantes e conlevarán o rexeitamento automático do proxecto.

-Novo parque natural de Ancares-Courel e do Macizo Central e ampliación do parque nacional das Illas Atlánticas.

-Plano de choque para a prevención e erradicación das especies invasoras integrado nunha Estratexia Galega para a Conservación da Diversidade Natural.

-Plano Galego de Vixianza Ambiental, cun incremento significativo do persoal (axentes de conservación e gardarías fluvial), millora da preparación e dos medios para a vixianza e aplicación da lexislación ambiental.

Administración e movementos sociais

EDUCACIÓN, TRANSPARENCIA E PARTICIPACIÓN

A administración debe ser a primeira en dar exemplo de transparencia e compromiso coa aplicación no seu funcionamento interno de iniciativas ecolóxicas e propostas socialmente xustas. Na súa relación coa sociedade, a participación dos colectivos cidadáns no deseño e aplicación das políticas sectoriais con repercusións ambientais é unha condición básica para camiñarmos cara a sustentabilidade. Para isto, resulta fundamental artellar os axeitados mecanismos de acceso información, participación pública e xustiza ambiental que permitan a implicación efectiva da sociedade. Os actuais organismos consultivos, quer o COGAMADES (Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sustentábel) non están a cumprir axeitadamente a súa función debido á súa falta de independencia e excesiva presenza institucional.

A miúdo, a administración ambiental utilizou ritualmente e instrumentalizou os organismos consultivos para a propaganda institucional, en lugar de servir para canalizar as demandas e a participación da sociedade. Persistiron tamén algunhas actitudes clientelares, exemplificadas no uso discrecional das subvencións públicas para silenciar as opinións críticas de moitos colectivos e promover un ecoloxismo sometido ao poder.

Sobre a Educación Ambiental (EA), esta non debería restrinxirse ás aulas nen ás cuestións estritamente relacionadas co medio. A Estratexia Galega de Educación Ambiental (EGEA) aprobada en 1999 tiña interesantes recomendacións que ficaron esquecidas tanto pola administración que a aprobou como polo bipartito. Isto reflicte a escasa importancia que os poderes públicos dan á E. A. e á mudanza de comportamentos por parte da sociedade, máis aló da formación regrada, cuestións fundamentais para acadar a sustentabilidade.

Propostas

-Consellaría de Medio Ambiente con competencias propias e independente doutras áreas como agricultura, pesca, industria ou urbanismo, como recomenda o Consello de Europa.



- Compromiso coa contratación pública verde: adquisición de produtos, subministros e servizos ecoloxicamente sustentábeis e socialmente xustos por parte de todos os organismos dependentes da administración.
- Elaboración dunha Lei Galega de Educación Ambiental para que calquera Plano Sectorial con incidencia ambiental leve aparellado un programa específico de E. A.
- Actualización da Estratexia Galega de Educación Ambiental (EGEA). Planos concretos e orzamentados para ampliar e optimizar os materiais e equipamentos de E. A., millorar os métodos e a formación e apoiar os esforzos das entidades sociais.
- Instar a criazón de fiscalías específicas de medio ambiente en cada audiencia provincial, con medios e persoal especializado, para eliminar a sensación de impunidade que na sociedade teñen os delitos contra o ambiente.
- Reforma do Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sustentábel (COGAMADES) para reforzar a súa autonomía e millorar a súa efectividade. Aumento da presenza dos colectivos ambientalistas e sociais fronte ás administracións, e obrigatoriedade de ser consultado sobre aqueles planos sectoriais de incidencia ambiental.
- Plano Estratéxico para a implantación das Axendas 21 Locais con obxectivos temporalizados e orzamentados, establecendo bonificacións e medidas de discriminación positiva para os concellos cunha A21 en marcha.
- Criazón do Observatorio Galego da Sustentabilidade, órgano independente asesor da administración e de carácter técnico, garante tamén da participación pública.
- Establecemento de criterios de igualdade, transparencia, obxectividade e boa xestión na concesión das axudas públicas.



ADEGA (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza), marzo de 2009